

CONVOCATORIA CURSO 2025-2026

1 BOLSA DE MOBILIDADE ERASMUS+ K121 PARA O ALUMNADO DO CM DE VIDEO DISC-JOCKEY E SON DO CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO

Índice

1. Obxecto da convocatoria.....	3
2. Destinatarios.....	3
3. Requisitos para a participación na convocatoria.	3
4. Duración	3
5. Criterios de selección.....	3
6. Comisión avaliadora	4
7. Importes de axuda	4
8. Obriga das persoas participantes.....	4
9. Renuncia ás axudas.....	5
10. Pago das axudas	5
11. Forma de entrega	5
12. Prazos	5

1 Obxecto da convocatoria

Concesión de **1** bolsa de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas en países con convenio Erasmus+ K121 (países da Unión Europea e terceiros países asociados ao programa)

2 Destinatarios

Poderán participar as persoas **recén tituladas no CM de Video Disc-jockey e Son** do CIFP Audiovisual de Vigo durante o ano seguinte á finalización dos seus estudos, sempre que sexan seleccionadas durante o último curso académico da súa formación.

3 Requisitos para a participación na convocatoria

A persoa solicitante debe:

- Iniciar a mobilidade durante os 12 meses posteriores á data de obtención da titulación.
- Residir en España.
- Ser maior de 18 anos.

4 Duración

A duración prevista para cada mobilidade é, con carácter xeral, **de 180 días (6 meses)**. A duración mínima é de 90 días e a máxima de 12 meses.

A mobilidade inclúe un día para a viaxe de ida e outro para a de volta.

5 Criterios de selección de candidatos

Criterios de selección:

- Cumprimento dos requisitos do programa Erasmus+ (si/non)
- Asistencia a clases e conduta (ata 1 punto)
- Expediente académico (ata 2 puntos)
- Coñecemento de idiomas (ata 2 puntos)
- Méritos (ata 1 punto)
- Entrevista persoal (ata 2 puntos)
- Tipoloxía de alumnado (2 puntos)

6 Comisión avaliadora

O CIFP Audiovisual de Vigo realizará a selección do alumnado coa participación da Deputación de Pontevedra.

O proceso de baremación **dentro do CIFP Audiovisual de Vigo** será levada a cabo por unha **comisión** formada pola xefatura do departamento de Información e Orientación profesional, coordinadora de Programas Internacionais do CIFP Audiovisual de Vigo e os tirores de 2º do CM de Video Disc-jockey e Son.

7 Importes de axuda

A axuda cobre:

- Gastos de aloxamento, manutención e transporte (ver taboas).

Viaxe de ida e volta
As contías poden non cubrir todos os gastos.

Distancias	Desplazamiento no ecológico – Importe por participante
10 - 99 km:	28 EUR
100 - 499 km:	211 EUR
500 - 1 999 km:	309 EUR
2 000 -2 999 km:	395 EUR
3 000 - 3 999 km:	580 EUR
4 000 - 7 999 km:	1 188 EUR
8 000 km o más:	1 735 EUR

Axuda diaria segundo país de destino (1-14 días / 15-365 días):

Países del programa para KA121 y KA122 Terceros países no asociados al Programa exclusivamente para proyectos KA121 ¹	Estudiantes	
	Apoyo individual por día (€)	
	Día 1 – 14 (1)	Día 15 – 365 (2)
Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos y Suecia. Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 1	70 €	49 €
Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta y Portugal. Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 2	61 €	43 €
Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia y Turquía. Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 3	51 €	36 €

Destinos: Reino Unido, Irlanda, Italia, Malta, Portugal, Alemania, Rumanía, Chipre, Bulgaria, Polonia, Eslovaquia, Grecia, Suecia, Eslovenia, Finlandia, Países Bajos, Noruega, Dinamarca, Islandia y Francia.

Seguro de viaxe

A Deputación contratará un seguro que cobre:

- Gastos médicos, hospitalización, repatriación, acompañante, medicamentos.
- Accidentes, enfermidade, invalidez e responsabilidade civil.
- As persoas participantes deberán tramitar a súa Tarxeta Sanitaria Europea, se corresponde.

Aloxamento e viaxe

Cada participante é responsable de xestionar e contratar os seus billetes de transporte e o aloxamento durante a estancia.

8 Obrigas das persoas participantes

Antes da mobilidade:

- Proba inicial de idioma ou certificado
- Asinar o convenio coa Deputación.
- Asinar o Learning Agreement.

Durante a mobilidade:

- Cumprir os compromisos asinados.
- Comunicar cambios ou incidencias.
- Cumprir normas da empresa de acollida.
- Utilizar a plataforma OLS.
- Manter actualizados os datos de contacto.

Despois da mobilidade:

- Realizar proba final de idioma.
- Enviar o informe EU Survey.
- Entregar memoria detallada.
- Cubrir e enviar o cuestionario da Deputación.

Outras obrigas:

- Gardar e enviar todos os xustificantes de gasto.
- Manter activa a conta bancaria.
- Comprobar frecuentemente o correo electrónico.
- Indicar nome, destino e empresa en cada comunicación.
- Cumprir cos prazos de entrega de documentación.

O incumprimento destas obrigas poderá supor o reembolso parcial ou total da axuda recibida

9 Renuncia ás axudas

1. No caso de que por motivos xustificados un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar na coordinación de programas internacionais un escrito de renuncia. Adxudicarase a praza que queda vacante ao/á primeiro/a solicitante que figura na listaxe de reserva.
2. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.

10 Pago das axudas

Nos **30 días posteriores** á sinatura do convenio de subvención entre a Deputación de Pontevedra e a persoa participante, ou tras a recepción da confirmación de chegada, e non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade, realizaráselle a esta o primeiro pagamento de prefinanciamento equivalente ao 90 % do importe da axuda de mobilidade.

11 Forma de entrega das solicitudes

O alumnado que desexe participar nunha mobilidade Erasmus+ deberá descargar e cubrir o formulario de solicitude que estará dispoñible na páxina web do centro: <https://cifpaudiovisualvigo.gal/erasmus-2/>.

A documentación precisa para a mobilidade e a achega dos méritos alegados en caso de empate faranse chegar ao correo electrónico: internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal

Os documentos que o alumnado debe presentar son:

- [CV EUROPASS](#)
- **Impreso de solicitude** debidamente cumplimentado y firmado.
- **Certificado de idioma MCER** (recoñecido dentro do Marco Común Europeo de Referencia)

12 Prazo de entrega das solicitudes

9 de marzo	Publicación e difusión da convocatoria
23 de marzo	Data límite para presentación de solicitudes
26 de marzo	Publicación do listado provisional de admitidos
16 de abril	Presentación de alegacións contra o listado provisional
21 de abril	Publicación do listado definitivo de admitidos

